

ORALIDADE

TEXTOS DO MUNDO SIMBÓLICO NECESARIOS PARA O EXERCICIO 2

* Textos das lendas copiados literalmente da web *Galicia Encantada* (<http://www.galiciaencantada.com>).

A pena da Moura*

"Contan que esa pena foi traída na cabeza por unha moura e que ao colocala por un intre no chan para descansar, comprobou asombrada como a pedra ía medrando cada vez máis ate converterse nunha enorme mole coa que xa non podía continuar.

Un sacerdote facendo o seu habitual rezo naquel lugar, un bo día puido ver como a pena se abría ofrecendo ante seus ollos abraiados un precioso altar de ouro; mais por querer achegarse, deixou o breviario sobre o chan e nunha rachada de vento removeu as súas páxinas polo que a pena volveu pechase ao momento."

PREGUNTAS

- Quen levaba a pena?
- En que parte do corpo a levaba?
- Que facía o sacerdote diante da pena?
- Que había dentro da pena cando se abriu?
- Por que se pechou a pena?

Museo do Pobo Galego

A Santa Compañá*

"O protagonista desta historia foi un mozo novo, que viña de pasar unha velada festiva na veciña parroquia de Santa María de Melide, que naquelas datas estaban a celebrar as festas na honra da Virxe das Neves (5 de agosto). Esta advocación é avogosa do bo tempo ou, pola contra, para pedir pola chuvia, sacándoa en procesión cando é necesario.

Xa se lle fixera tarde e para chegar pronto á casa, decidiu atallar polo Castelo, en lugar de dar unha volta máis longa polo camiño de Sabián. Tería polo tanto, que facer, o Camiño de Santiago ao revés.

Era noite pecha, e é de supoñer que o noso veciño viría algo «alegre» da romaría. Tamén hai que dicir que, por aquelas datas nesa zona do Castelo, onde está a Capela do Carne e o cemiterio, non había alumeado público, e polo tanto estaría bastante escuro. Subía polo monte do Castelo ao revés de como fan os peregrinos, pensando nas súas cousas. A capela e o cemiterio atópanse na plataforma do cume, e logo hai que baixar cara ó casco vello da vila, onde estaba a casa familiar. Cando chegou arriba, acompañado unicamente da escuridade e dalgún moucho que ulularía á noite, ao noso amigo pareceulle escoitar a alguén como rezando e ver unhas luces que se deixaban asomar entre a Capela da Virxe.

Achegouse un pouco para ver o que pasaba, e a súa sorpresa foi que se atopou de fronte cunha procesión de ánimas que, acompañadas de candeas acendidas e recitando salmos e pregarías daba voltas ao redor da Capela. Había algunhas que camiñaban de xeonllos, outras de pe, pero todas levaban velas e entoaban un salmo diante cántico. O home non puido menos que botar a correr costa abaixo, sen volver mirar atrás e chegar o máis pronto posible ao seu fogar.

Unha vez alí pechou a porta e meteuse na cama. Ao día seguinte non lle contou a ninguén o sucedido, pois tiña medo da Compañá, de que puidese vir a buscalo ou de que alguén lle pedise que fixese algo para escorrentala, que gardou silencio.

Días máis tarde escoitou na casa que uns veciños pasaran unha noite dando voltas ó redor da Capela do Carne, por unha promesa que lle fixeran á Virxe por un familiar. Fora a noite de autos, a noite que o noso amigo creu ver á Compañá. E entón xa puido contar, agora con medo a que se risen del, que el estaba alí aquela noite e que o que lle parecera ver fora a Santa Compañá."

PREGUNTAS

- De onde viña o protagonista da historia?
- En que parte do traxecto sucederon os feitos?
- Que quere dicir que viña "alegre" da romaría?
- Era noite ou día cando sucedeu todo?
- Que creu ver preto da capela?
- Contou a alguén o que lle ocorreu?



Museo do Pobo Galego

A lagoa de Cospeito*

"No lugar no que hoxe se atopa a lagoa de Cospeito, existiu nun tempo unha vila que chamaban Valverde. Disque a esta vila chegou un día un mendigo pedindo pousada, pero todas as portas se ían pechando ao seu paso. Ata que, xa ás aforas do lugar, foi acollido nunha casa humilde, onde lle deron abrigo. O mendigo pediu que polo amor de Deus lle desen tamén algo de comer, pero os veciños só tiñan unha becerra no cortello, a súa única forma de manutención. Así e todo, decidiron sacrificala para darlle comida a aquel pobre home.

Logo de cear, o visitante díxolles aos da casa que antes de se deitar, botasen os ósos pequenos da becerra no cortello pequeno, e os grandes no cortello grande; malia que non entendían a razón decidiron facelo así e foron durmir.

Ao día seguinte, ao amencer, o mendigo espertou a berros aos da casa pedíndolles leite para o almorzo. Os veciños pensaban que toleara e lembráronlle que o único animal que tiñan o mataran a noite anterior para darlle algo de cear. Pero o mendigo respondeulles: «¡Claro que tedes vacas que muxir! E iso é tan certo como que a vila de Valverde fica asolagada». Asombrados, os donos da casa foron aos cortellos e atoparon no pequeno varias beceras e no grande varias vacas. Logo miraron fóra e viron que a vila de Valverde fora, efectivamente, asolagada. Hoxe é a lagoa de Cospeito. Hai quen di que aquel mendigo non era outro que Xesús Cristo, que andaba a comprobar a xenerosidade dos homes. E hai quen di que nas noites de San Xoán pódense escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde. e ata hai quen asegura ter visto en épocas de sequía os tellados da vella vila de Valverde."

PREGUNTAS

- Como se chama a vila a onde chegou o mendigo?
- Que pedía o mendigo?
- Onde foi acollido?
- Que cousas lle deron para comer?

- Que mandou facer o mendigo cos ósos da becerra?
- Ao amencer, que lle pasou á becerra? E á vila veciña?
- Hoxe esa vila en que se converteu?
- Que pasa nas noites de san Xoán preto da lagoa?



Museo do Pobo Galego

Andar aos biosbardos

Disque os biosbardos son seres dos cales non se sabe a figura (talvez paxaros?), pero que dan moita sorte a quen os apaña en noite escura e lonxe de lugar habitado.

Para atrapalos, entre outras cousas, hai que repetir:

*Biosbardo,
ven ao fardo,
que alpabarda
por ti agarda.*

PREGUNTAS

- Como son os biosbardos?
- Cando hai que ir por eles?
- A onde?
- Se os apañas, que consegues?
- Cal é o recitado que hai que repetir?

Museo do Pobo Galego